

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE ASUNTOS ECONÓMICOS E TRANSFORMACIÓN DIXITAL

**7966** Orde ETD/465/2021, do 6 de maio, pola que se regulan os métodos de identificación remota por vídeo para a expedición de certificados electrónicos cualificados.

#### I

O Regulamento (UE) 910/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014, relativo á identificación electrónica e aos servizos de confianza para as transaccións electrónicas no mercado interior e polo que se derroga a Directiva 1999/93/CE, prevé a posibilidade de verificación da identidade do solicitante dun certificado cualificado utilizando outros métodos de identificación recoñecidos a escala nacional que garantan unha seguridade equivalente en termos de fiabilidade á presenza física.

A emerxencia sanitaria xerada pola crise da COVID-19 exixiu durante o estado de alarma o confinamento da cidadanía e a drástica limitación dos desprazamentos persoais, con vistas a frear o crecemento dos contaxios. De forma transitoria e excepcional, a través da disposición adicional décimo primeira do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte á COVID-19, habilitouse un sistema temporal de identificación remota para a obtención de certificados cualificados, co fin de contribuír a reducir os desprazamentos dos cidadáns para realizar trámites, sen minguar os seus dereitos.

Co fin de implantar de forma permanente e con plena seguridade xurídica a dita posibilidade, o artigo 7.2 da Lei 6/2020, do 11 de novembro, reguladora de determinados aspectos dos servizos electrónicos de confianza, habilita para que mediante orde ministerial da persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital se determinen as condicións e os requisitos técnicos de verificación da identidade a distancia e, se procede, outros atributos específicos da persoa solicitante dun certificado cualificado, mediante outros métodos de identificación, como videoconferencia ou vídeo-identificación, que acheguen unha seguridade equivalente en termos de fiabilidade á presenza física, que permitan a implantación dos citados métodos por parte dos prestadores de servizos electrónicos de confianza en razón das especificidades propias deste sector e das obrigacións de seguridade a que están suxeitos os prestadores cualificados.

Así mesmo, constátase a existencia dunha necesidade, manifestada polos prestadores de servizos electrónicos de confianza, de dotar o ordenamento xurídico español dunha norma específica que lles permita utilizar esta vantaxe competitiva na provisión dos seus servizos e que os habilite para identificar de forma remota por vídeo os solicitantes de certificados cualificados, de forma que poidan seguir expandindo a súa actividade e competir cos prestadores establecidos noutros países que xa dispoñen dunha normativa nacional para este efecto. Ao respecto, é destacable que España é o país da Unión Europea cun maior mercado de prestadores de servizos electrónicos de confianza, tal e como se reflicte na Lista española de prestadores cualificados (*Trusted Services List*, ou TSL), mantida polo Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital como órgano supervisor.

#### II

En canto ás medidas organizativas e procedementais que deberán implantar os prestadores, é importante sinalar que deben ser proporcionais aos riscos e adecuadas á

natureza destes servizos, piores da construción doutros servizos dixitais de valor engadido. Ao respecto, téñense que ter en consideración as necesidades procedementais e de seguridade específicas da expedición de certificados cualificados de utilización universal e que constitúen un auténtico *alter ego* dixital da persoa.

Neste sentido, esta orde ministerial especifica o procedemento que se debe seguir para a identificación remota por vídeo dun solicitante, así como os requisitos e as accións mínimas que deben levar a cabo os prestadores para detectar os intentos de suplantación de identidade ou posibles manipulacións das imaxes ou os datos do documento de identidade. Os ditos métodos de identificación remota por vídeo non prexulgan a existencia doutros sistemas de identificación a distancia amparados polo artigo 24.1 do mencionado Regulamento (UE) 910/2014, que non son obxecto de regulación nesta orde.

Entre outras medidas, exíxese verificar a autenticidade e validez do documento de identidade, así como a súa correspondencia co solicitante do certificado. Para iso, o sistema de identificación remota por vídeo empregado no proceso deberá incorporar os medios técnicos e organizativos necesarios para verificar a autenticidade, vixencia e integridade dos documentos de identificación utilizados, verificar a correspondencia do titular do documento co solicitante que realiza o proceso, mediante tecnoloxías como o recoñecemento facial, e verificar que este é unha persoa viva que non está sendo suplantada; todos estes requisitos deberán quedar acreditados nos termos que establece o anexo F11 da Guía de seguridade das TIC CCN-STIC-140, do Centro Criptolóxico Nacional, mediante a certificación do produto. A referencia á guía ten que entenderse feita sempre á última versión dispoñible. Así mesmo, exíxese que o persoal encargado da verificación da identidade do solicitante verifique a exactitude dos datos do solicitante, utilizando as capturas do documento de identidade utilizado no proceso, ademais de calquera outro medio automático que poida ser implementado nos sistemas de identificación remota por vídeo.

Para contribuír a este fin, prevese a posta á disposición dos prestadores do acceso á plataforma de intermediación do Servizo de Verificación e Consulta de Datos, cuxo organismo responsable é a Secretaría de Estado de Dixitalización e Intelixencia Artificial, como medio de contrastar os datos de identidade dos solicitantes cunha fonte auténtica, en liña coas disposicións do Regulamento de execución (UE) 2015/1502 da Comisión, do 8 de setembro de 2015, sobre a fixación de especificacións e procedementos técnicos mínimos para os niveis de seguridade de medios de identificación electrónica conforme o disposto no artigo 8, número 3, do citado Regulamento (UE) 910/2014.

### III

Co obxecto de acreditar o cumprimento dos requisitos de seguridade exixibles ás ferramentas utilizadas nos procesos de identificación remota, os prestadores utilizarán produtos cuxa funcionalidade de seguridade estea certificada segundo as metodoloxías de avaliación recoñecidas polo organismo de certificación do ENACSTI (Esquema nacional de avaliación e certificación da seguridade das tecnoloxías da información). É importante sinalar que a avaliación e certificación dun produto de seguridade das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) é o único medio obxectivo que permite valorar e acreditar a capacidade dun produto para manexar información de forma segura.

Co fin de adaptarse de forma áxil ao continuo avance da tecnoloxía, esta orde ministerial fai referencia ás correspondentes guías técnicas elaboradas e actualizadas polo Centro Criptolóxico Nacional, en relación coas características e requisitos puramente tecnolóxicos aplicables aos produtos e ferramentas de identificación remota por vídeo para garantir un adecuado nivel de seguridade deles.

Do mesmo xeito, consideraranse os estándares que, se for o caso, sexan adoptados a nivel europeo e internacional, en particular polo Instituto Europeo de Normas de Telecomunicacións (ETSI).

Así mesmo, esta orde ministerial deberá aplicarse de maneira que se cumpran as obrigacións do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento

dos seus datos persoais e á libre circulación deses datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, así como o resto da normativa sobre protección de datos persoais, particularmente a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Dentro das obrigacións de seguridade que esta orde impón aos prestadores de servizos de confianza, prevese unha análise de riscos que recolla as medidas técnicas e organizativas adecuadas con respecto aos datos persoais, conforme o citado Regulamento (UE) 2016/679.

#### IV

De acordo co establecido no artigo 24.1.d) do Regulamento (UE) 910/2014, a seguridade equivalente en termos de fiabilidade á presenza física deberá ser confirmada por un organismo de avaliación da conformidade acreditado, que verificará o cumprimento dos requisitos legais exixidos nesta orde e incluírá, durante o período transitorio ata a obrigatoriedade da certificación anteriormente sinalada, a comprobación do nivel de seguridade do sistema ou produto utilizado polo prestador de acordo coa Guía CCN-STIC-140. Esta comprobación realizarase mediante a avaliación doutras certificacións, informes, probas de laboratorio e outros elementos achegados polo fabricante. O seu resultado reflectirase no informe de avaliación da conformidade que o prestador cualificado remitirá ao órgano de supervisión con carácter previo ao ofrecemento ao público da posibilidade de identificarse de maneira remota.

#### V

Esta norma, ditada ao abeiro da habilitación legal contida no artigo 7.2 da Lei 6/2020, do 11 de novembro, componse de doce artigos, unha disposición transitoria e dúas disposicións derradeiras, e adecúase aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, aos cales se debe suxeitar o exercicio da potestade regulamentaria, de conformidade co disposto no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Polo que se refire aos principios de necesidade e eficacia, esta orde ministerial é o instrumento óptimo para levar a cabo o desenvolvemento regulamentario previsto, debido a que é preciso dotar o sector dunha regulación específica e susceptible de áxil adaptación que recolla os requisitos técnicos, organizativos e procedementais aplicables aos métodos de identificación remota por vídeo.

En canto ao principio de proporcionalidade, esta orde ministerial establece os requisitos apropiados exixibles aos sistemas de identificación a distancia de forma que se garantan a seguridade do tráfico xurídico e o adecuado nivel de protección dos usuarios e da actividade económica.

No procedemento de elaboración desta orde tívose en conta o disposto na Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O texto foi sometido a consulta previa aos suxeitos directamente afectados, en concreto, aos prestadores cualificados de servizos electrónicos de confianza e aos organismos de avaliación da conformidade acreditados, co obxecto de garantir o acerto e a legalidade da norma, de acordo co artigo 26.1 da Lei 50/1997, e foi sometido ao trámite de audiencia e información pública previsto no artigo 26.6 da citada lei, posibilitando así a participación activa dos potenciais destinatarios. En ambas as fases recibíronse numerosas observacións que se tiveron en conta na elaboración deste texto. Polo anterior, considérase cumprido o principio de transparencia.

En relación co principio de eficiencia, esta orde ministerial non impón cargas administrativas innecesarias, e o seu desenvolvemento produciuse coa maior celeridade posible.

Por último, solicitáronse informes, de conformidade co previsto no artigo 26.5 da Lei 50/1997, dos seguintes departamentos ministeriais e organismos públicos: Ministerio

de Defensa, Ministerio do Interior, Ministerio de Facenda, Ministerio de Xustiza e Ministerio de Sanidade, así como da Axencia Española de Protección de Datos.

Na súa virtude, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Función Pública e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

#### Artigo 1. *Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto regular as condicións e requisitos técnicos mínimos aplicables á verificación da identidade e, se procede, outros atributos específicos, da persoa solicitante dun certificado cualificado mediante métodos de identificación remota por vídeo, de acordo co previsto no artigo 7.2 da Lei 6/2020, do 11 de novembro, reguladora de determinados aspectos dos servizos electrónicos de confianza, e no artigo 24.1.d) do Regulamento (UE) 910/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014, relativo á identificación electrónica e os servizos de confianza para as transaccións electrónicas no mercado interior e polo que se derroga a Directiva 1999/93/CE. O anterior entenderase sen prexuízo da existencia doutros métodos de identificación a distancia amparados polo artigo 24.1 do Regulamento (UE) 910/2014 non incluídos no ámbito de aplicación desta orde.

#### Artigo 2. *Ámbito de aplicación subxectivo.*

Esta orde aplicarase aos prestadores cualificados públicos e privados de servizos electrónicos de confianza establecidos en España.

Así mesmo, aplicarase aos prestadores cualificados residentes ou domiciliados noutro Estado membro que teñan un establecemento permanente situado en España, sempre que ofrezan servizos non supervisados pola autoridade competente doutro Estado membro da Unión Europea.

A execución dos procedementos de identificación remota por vídeo poderá ser externalizada e o prestador que expide o certificado cualificado manterá a plena responsabilidade en relación coa aplicación desta orde.

#### Artigo 3. *Protección de datos de carácter persoal.*

Os tratamentos de datos de carácter persoal das persoas físicas realizaranse con estrita suxeición ao disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación deses datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, así como no resto da normativa sobre protección de datos persoais.

#### Artigo 4. *Modalidades de identificación remota por vídeo.*

O proceso de identificación remota por vídeo poderase realizar de forma asistida, coa mediación sincrónica dun operador, ou de forma non asistida, sen necesidade de interacción en liña entre un operador e o solicitante, con revisión posterior dun operador.

#### Artigo 5. *Avaliación da conformidade e comprobación do cumprimento de requisitos.*

1. O cumprimento dos requisitos establecidos nesta orde deberá ser confirmado por un organismo de avaliación da conformidade acreditado. O organismo de avaliación deberá reflectir no informe, de maneira pormenorizada, como cumpre o prestador os requisitos definidos nesta orde.

2. O prestador cualificado de servizos de confianza remitirá solicitude para a posta en operación de procedementos de identificación remota por vídeo á Secretaría de Estado de Dixitalización e Intelixencia Artificial, dependente do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, en canto órgano supervisor. A dita solicitude incluírá unha

descrición detallada do sistema e a súa operación, a declaración de prácticas actualizada, así como o informe de avaliación da conformidade, con carácter previo ao seu ofrecemento ao público.

3. O órgano supervisor poderá requirir o prestador para que achegue, no prazo de dez días hábiles, documentación e información adicionais sobre calquera aspecto da solución de identificación remota por vídeo, con carácter previo ou posterior á súa implantación.

4. O prestador poderá comezar a operar mediante procedementos de identificación remota por vídeo a partir da data de notificación da resolución estimatoria. O prazo máximo para resolver e notificar será de seis meses, transcorridos os cales a solicitude se entenderá desestimada.

5. Para os prestadores que inicien a súa actividade de prestación de servizos de confianza cualificados con posterioridade á entrada en vigor desta orde, os trámites a que se refire este artigo poderanse integrar no procedemento de cualificación regulado no artigo 21 do Regulamento (UE) 910/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014.

#### Artigo 6. *Requisitos xerais de seguridade.*

O prestador cualificado de servizos electrónicos de confianza:

a) Disporá dun modelo de xestión continua do risco que incluírá unha análise de riscos específica que se revisará cunha periodicidade mínima anual e, en todo caso, sempre que se produza un cambio no sistema, nos procedementos organizativos, no estado da tecnoloxía, ou en calquera outro aspecto que poida influír no perfil de risco do procedemento de identificación.

Esta análise deberá ter en conta a natureza, o ámbito, o contexto e os fins do tratamento dos datos persoais, así como os riscos de diversa probabilidade e gravidade para os dereitos e as liberdades das persoas físicas, conforme o exixido pola normativa de protección de datos persoais.

Así mesmo, realizará unha avaliación de impacto na protección de datos persoais cando da análise realizada resulte probable que o tratamento supoña un alto risco para os dereitos e as liberdades das persoas, conforme o previsto na citada normativa.

b) Adoptará medidas técnicas e organizativas adicionais ás indicadas nesta orde cando o resultado da análise de riscos efectuada así o requira.

En relación cos datos de carácter persoal, adoptará as medidas técnicas e organizativas apropiadas, segundo o establecido no artigo 32 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016.

Estas medidas actualizaranse sen dilación indebida cando se teña coñecemento de vulnerabilidades que poidan dan lugar a fendas de seguridade.

c) Avaliará e documentará as características de seguridade do conxunto do sistema, incluíndo todos os elementos substantivos da plataforma de identificación, as canles de comunicación, e a xeración e conservación de probas producidas durante o proceso de identificación.

d) Empregará un produto de identificación remota por vídeo que cumpra os requisitos mínimos de seguridade indicados no anexo F.11 da Guía de seguridade das TIC CCN-STIC-140, do Centro Criptolóxico Nacional, de categoría alta. O prestador cualificado deberá seguir as indicacións de configuración e uso seguro do produto. O cumprimento da dita obrigaçión deberá ser certificado, seguindo metodoloxías de avaliación recoñecidas polo organismo de certificación do ENACSTI (Esquema nacional de avaliación e certificación da seguridade das tecnoloxías da información), por un organismo acreditado segundo a norma ISO/IEC 17065.

e) Notificará inmediatamente ao órgano supervisor, e en calquera caso antes de 24 horas desde o seu coñecemento, calquera violación da seguridade ou perda de integridade que teña impacto no servizo.

Así mesmo, no caso de violación da seguridade dos datos persoais, o responsable do tratamento notificará á Axencia Española de Protección de Datos sen dilación indebida, conforme o previsto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016.

#### Artigo 7. *Requisitos do persoal e plan de formación.*

1. O operador encargado da verificación da identidade do solicitante dun certificado cualificado mediante identificación remota por vídeo contará con:

a) Formación específica sobre as características verificables polo método de identificación, os seus procedementos, métodos de proba e métodos comúns de falsificación, co fin de asegurar que dispón da capacitación suficiente para detectar potenciais fraudes no proceso de identificación e nos documentos de identidade previstos no artigo 8.

b) Formación sobre a normativa vixente en materia de protección de datos persoais e servizos de confianza.

c) Formación no manexo da ferramenta e interpretación da información e datos que subministra.

2. O prestador cualificado de servizos electrónicos de confianza disporá dun plan de formación que se revisará sempre que se produza un cambio tecnolóxico ou normativo e, como mínimo, anualmente no relativo aos seus contidos e eficacia.

A formación prevista no punto anterior, cuxa duración non poderá ser inferior a quince horas, recibirse de forma periódica e como mínimo unha vez ao ano.

#### Artigo 8. *Requisitos dos documentos de identidade utilizados no proceso de identificación.*

A identidade do solicitante acreditarase mediante os documentos de identidade previstos na Lei 6/2020, do 11 de novembro, reguladora de determinados aspectos dos servizos electrónicos de confianza. Os documentos de identidade utilizados deberán incluír unha fotografía e dispor de características de seguridade automaticamente comprobables no proceso de identificación remota por vídeo de forma que se garanta a detección de falsificacións e manipulacións.

#### Artigo 9. *Requisitos das instalacións.*

1. Os servidores e equipamento que formen parte dos sistemas de información que soportan o proceso de identificación situaranse en estancias protexidas, con acceso restrinxido ao persoal autorizado. Controlaranse os accesos de forma que soamente se poida acceder polas entradas previstas e vixiadas e identificarse todo o persoal que acceda ás ditas estancias, rexistrando as entradas e saídas.

Se os servidores se encontran situados nun país extracomunitario, o prestador cualificado de servizos de confianza deberá garantir, na medida en que poida supor a existencia de transferencias internacionais de datos, que se cumpran os requisitos establecidos no capítulo V do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016.

2. No caso de que o persoal involucrado no proceso de identificación remota por vídeo desenvolva a súa actividade na modalidade de traballo a distancia, deberanse garantir do mesmo xeito a seguridade do proceso, da información e a protección de datos de conformidade coa normativa aplicable.

#### Artigo 10. *Condicións xerais do proceso de identificación.*

1. Informarase o solicitante, de maneira clara e comprensible, dos termos e condicións do proceso de identificación remota por vídeo, das recomendacións de

seguridade aplicables, así como do previsto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016.

2. Solicitarase o consentimento expreso do solicitante, que inclúe o consentimento á gravación íntegra do vídeo e ao tratamento e conservación de categorías especiais de datos persoais. Neste sentido, deberase informar o solicitante doutras alternativas existentes para a identificación que non requiran o tratamento e a conservación da súa imaxe e os seus datos biométricos, incluídas, en todo caso, as previstas no artigo 24.1 do Regulamento (UE) 910/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014.

3. Adoptaranse as medidas adecuadas que garantan a privacidade de todo o proceso de identificación do solicitante.

4. O proceso de identificación interromperase ou non se considerará válido cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Existan indicios de falsidade, manipulación ou falta de validez do documento de identificación.
- b) Existan indicios de falta de correspondencia entre o titular do documento e o solicitante.
- c) A calidade da imaxe ou o son impidan ou dificulten verificar a autenticidade e integridade do documento de identificación e a correspondencia entre o titular do documento e o solicitante.
- d) As condicións, seguridade ou calidade da comunicación impidan ou dificulten completar o proceso coa fiabilidade adecuada.
- e) Existan indicios de uso de arquivos pregravados.
- f) Existan indicios de que para a transmisión de vídeo non se utilizou un único dispositivo.
- g) Existan indicios de que a transmisión de vídeo non se realizou en tempo real ou de que o proceso non se realizou en unidade de acto.
- h) Existan indicios de que o solicitante está a ser coaccionado ou intimidado.
- i) Calquera outra en que exista unha dúbida razoable sobre a seguridade do proceso de identificación que se está a realizar.

5. No caso de que o operador interrompa ou non considere válido o proceso de identificación, indícarase a causa deixando constancia fidedigna no sistema.

6. Se o proceso de identificación se realiza de forma asistida, o prestador disporá dun procedemento para levar a cabo a entrevista de identificación do solicitante do certificado e dunha guía de diálogo para os operadores.

7. Se o proceso de identificación se realiza de forma non asistida, un operador supervisará *a posteriori* o proceso de identificación gravado e comprobará as probas e imaxes xeradas polo sistema para aceptar ou rexeitar a validez do proceso de identificación.

8. O operador de rexistro deberá basear a súa decisión de aprobación ou denegación da solicitude de emisión do certificado na revisión de todas as probas recadadas no proceso de identificación, que incluírán, polo menos, o vídeo, a comprobación de caracteres aleatorios enviados ao solicitante, a existencia de elementos de seguridade do documento de identidade extraídos del durante o proceso de identificación e a comparación biométrica realizada.

**Artigo 11. *Requisitos para a verificación da identidade do solicitante e do documento de identidade.***

1. Verificarase a autenticidade, vixencia e integridade física e lóxica do documento de identificación utilizado e a correspondencia do titular do documento co solicitante.

2. Tomaranse medidas para reducir ao mínimo o risco de que a identidade do solicitante non coincida coa identidade reclamada, tendo en conta o risco de documentos perdidos, roubados, suspendidos, revogados ou expirados.

3. Durante o proceso de rexistro, cando o solicitante presente o documento nacional de identidade (DNI) ou o número de identidade de estranxeiros (NIE), os prestadores comprobarán os datos de identidade do solicitante utilizando o número do documento, a través da plataforma de intermediación do Servizo de Verificación e Consulta de Datos que a Secretaría de Estado de Dixitalización e Intelixencia Artificial pon á disposición dos organismos públicos ou, na súa falta, a través da plataforma que o órgano de supervisión porá á disposición dos prestadores cualificados que non teñan acceso ao citado servizo.

No caso de problemas técnicos vinculados á plataforma de comprobación e alleos ao prestador, realizaranse polo menos tres intentos de consulta e conservaranse as respostas recibidas, de acordo co artigo 12.5 desta orde.

4. Tomaranse as medidas adecuadas para detectar unha posible manipulación da imaxe de vídeo, do documento de identidade ou do solicitante e garantirase a súa proba de vida. Para iso, implantaranse polo menos:

a) Medidas procedementais que fagan patente a dita manipulación coa introdución dun código único, aleatorio e impredecible e dun só uso xerado para o efecto e remitido ao solicitante. O código constará dun mínimo de seis caracteres ou sistema con entropía equivalente. O prestador comprobará que o dispositivo móbil ao cal se remite o código se encontra en posesión do usuario durante o proceso de identificación. O órgano supervisor poderá por á disposición dos prestadores unha plataforma tecnolóxica de verificación da asociación do usuario co dispositivo móbil.

b) No caso da identificación remota por vídeo asistida, medidas organizativas que fagan patente a dita manipulación a través da interacción co documento de identidade utilizado e co solicitante, segundo as indicacións do operador, a través de interaccións e actuacións físicas que figurarán nun protocolo que incluírá accións tanto comúns como aleatorias e diferenciadas.

c) No caso da identificación remota por vídeo non asistida, o sistema requirirá ao solicitante a realización activa de interaccións e actuacións físicas, que figurarán nun protocolo que incluírá accións tanto comúns como aleatorias e diferenciadas.

5. No caso de persoas físicas que actúen a través de representante, así como de persoas xurídicas, comprobaranse os datos relativos á constitución e personalidade xurídica, ou á persoa ou entidade representada, así como a extensión e vixencia das facultades de representación do solicitante dun certificado cualificado, de acordo coa lexislación aplicable. Esta comprobación poderase realizar nun proceso distinto á identificación do solicitante, ben que en calquera caso de forma previa á expedición do certificado.

#### Artigo 12. *Requisitos da gravación e de conservación de probas.*

1. O vídeo realizado, de forma asistida ou sen asistencia, gravarase integramente e sen interrupcións.

2. Constatarase de maneira fidedigna a data e hora da gravación mediante o uso dun selo cualificado de tempo.

3. Conservarase unha copia da gravación do vídeo durante un período mínimo de tempo de quince anos desde a extinción da vixencia do certificado obtido por este medio.

4. Conservaranse, por un período mínimo de tempo de 15 anos, fotos ou capturas de pantalla do solicitante e do documento de identidade utilizado, en que serán claramente recoñecibles tanto a persoa como o anverso e o reverso do documento de identidade.

5. Conservarase, por un período mínimo de tempo de quince anos, o resultado automático da verificación realizada pola aplicación, así como a avaliación e observacións realizadas polo operador xunto coa súa decisión de aprobación ou rexeitamento da identificación.

6. Conservaranse todas as probas dos procesos de identificación incompletos que non cheguen a termo por sospeita de intento de fraude durante un prazo de 5 anos desde a execución do proceso de identificación e especificarase a causa pola que non se chegaron a completar, de conformidade coa política establecida para o efecto.



7. Garantiranse a integridade e autenticidade da gravación, así como das outras probas obtidas durante o proceso de identificación remota, mediante a utilización de servizos de confianza cualificados, así como a súa confidencialidade. A conservación realizarase mediante o bloqueo dos datos, conforme o previsto no artigo 32 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

8. A gravación e as imaxes obtidas durante o proceso de identificación reunirán as condicións de calidade e nitidez suficientes para garantir o seu uso en investigacións ou análises posteriores.

Disposición transitoria única.

Ata o 1 de xullo de 2022 en que entre en vigor o artigo 6.d), o cumprimento dos requisitos de seguridade demostrarase mediante outras certificacións, informes ou probas en laboratorios ou entidades especializadas, que serán revisados por un organismo de avaliación da conformidade, o cal incluírá o resultado no informe de avaliación da conformidade.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro das competencias exclusivas que corresponden ao Estado en materia de lexislación civil, de telecomunicacións e de seguridade pública, conforme o disposto no artigo 149.1. 8.<sup>a</sup>, 21.<sup>a</sup> e 29.<sup>a</sup> da Constitución española, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», agás o disposto no artigo 6.d), que entrará en vigor o 1 de xullo de 2022.

Madrid, 6 de maio de 2021.–A vicepresidenta segunda do Goberno e ministra de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, Nadia Calviño Santamaría.